



Expediente IET: P-20-199
Proxecto: Parque eólico Cunca
Concello: Vila de Cruces (Pontevedra)
Promotor: Green Capital Power, SL

INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 08/04/2021 o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) a documentación do proxecto Parque eólico Cunca.

1. Antecedentes:

Con data do 18/05/2020 o Instituto de Estudos do Territorio emitiu un informe sobre este proxecto, no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria. Nese informe sinalábase que os principais impactos do proxectos derivarían do efecto sinérxico con parques próximos en funcionamento ou en tramitación, da incidencia directa sobre o miradoiro de Valiña e sobre as panorámicas do de O Coto da Madalena, e da potencial incidencia visual sobre a AEIP da Fervenza do Toxa - Carboeiro e sobre os núcleos de poboación situados e menos de 1 km. Así mesmo, se indicaban os contidos aos que debería axustarse o EIIP.

2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (Decreto 96/2020, do 29 de maio).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices da paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008.



Tendo en conta a disposición transitoria única do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, este proxecto debe adaptarse ás Directrices de paisaxe de Galicia.

3. Descrición do proxecto e contido do estudo de impacto ambiental:

O proxecto consiste na construción do parque eólico Cunca (22,5 MW), composto por 5 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada (camiños de acceso e servizo, plataformas de montaxe, gabias para a rede eléctrica e de comunicacións, torre anemométrica, e subestación). Os aeroxeradores terán 4,5 MW de potencia nominal, unha altura de buxa de 127,5 metros, e 145 metros de diámetro de rotor.

As infraestruturas do parque sitúanse dentro da área de desenvolvemento eólico do Plan sectorial eólico de Galicia denominada Mirón Seixas.

O estudo de impacto ambiental inclúe un EIIP como documento específico (anexo VIII).

4. Características da paisaxe afectada polo proxecto:

De acordo co Catálogo das paisaxes de Galicia, aprobado polo Decreto 119/2016, del 28 de xullo, (DOG do 25/08/2016), o lugar no que se proxecta a actuación localízase na grande área paisaxística Galicia Central, entre as comarcas paisaxísticas de Terra de Melide-Arzúa e do Deza.

As áreas de especial interese paisaxístico do Catálogo máis próximas ao parque son a AEIP-07-27 Fervenza do Toxa-Carboeiro (situada a uns 1,7 km ao suroeste dos aeroxeradores 1 e 2), a AEIP-07-15 Río Ulla, situada a uns 3,3 km ao norte do aeroxerador 5) e a AEIP-07-20 Sobreirais do Arnego (situada a uns 8,2 km ao leste do aeroxerador 5). Os miradoiros situados a menor distancia son o miradoiro da Valiña (na mesma posición que o aeroxerador 1), o Coto da Magdalena (a 2 km ao norte do aero 5), o do Monte das Covas (a 3,3 km ao leste do aero 5) e o do Carrio (7,5 km ao sueste do aero 4). Ademais, segundo o Catálogo das paisaxes o ámbito do proxecto encádrase nunha zona de visibilidade estratéxica media e puntualmente alta.

O proxecto localízase nos altos e cordais do Couto de Mesada, A Chaira, Couto Picón e da Valiña. Trátase de cumios conformados por unha paisaxe agroforestal dominada por especies forestais de produción madeireira en mosaico con áreas de mato, pastos naturais e cultivos forraxeiros. As abas e vales que rodean estes cumios están ocupadas por pequenos asentamentos rurais. O principal núcleo da contorna é Vila de Cruces, situado a uns 3,7 km ao leste do aeroxerador 5). O acceso ás infraestruturas realízase pola estrada PO-260, discorrendo ademais por outras estradas secundarias que a conectan co parque dende o norte.

5. Análise do EIIP, dos efectos do proxecto sobre a paisaxe e das medidas de integración paisaxística:

O EIIP do proxecto consta de descrición do proxecto e da contorna, unha diagnose do estado actual da paisaxe, unha análise da calidade visual e a fragilidade paisaxística do ámbito, e o cálculo das cuncas visuais dos aeroxeradores nun radio de 15 km. Finalmente inclúense apartados referentes aos impactos do proxecto e ás medidas preventivas e correctoras.

Para a determinación dos impactos sobre a paisaxe, o EIIP inclúe gráficos e planos das cuncas visuais desde cada un dos aeroxeradores e un plano da cunca visual para o conxunto do parque. Ademais, calcúlase o grao de visibilidade en función da distancia e o número de aeroxeradores visibles, e se valora a incidencia ou afección visual sobre algúns núcleos de poboación, sobre as AEIP e sobre elementos culturais e espazos naturais. A este respecto se inclúe un mapa de visibilidade (plano A-3) no que se inclúen as AEIP, os miradoiros, as sendas e os Camiños de Santiago. O estudo complétase





con infografías nas que se amosa a visibilidade do parque dende distintos núcleos, miradoiros, e dende diversas localidades ao longo do Camiño de Inverno a Santiago. Por outra banda, avalíanse os efectos sinérxicos dos parques próximos existentes ou en tramitación sobre os miradoiros da Valiña e Coto da Madalena mediante infografías.

Destes estudos se conclúe que a incidencia visual é alta sobre os núcleos de Orza, Cortizada, Valboa, Abealla, Cerdeiras, Covas, sobre as igrexas de Fontao e de Santa María de Merza, e sobre os miradoiros da Valiña, Monte das Covas, Fervenza da Toxa e Coto da Madalena. Neste último, a infografía dos efectos sinérxicos delatan un grado de saturación das panorámicas do miradoiro moi alto. Con respecto ás AEIP, as máis próximas teñen unha afección superficial moi alta, como a AEIP-07-27 Fervenza do Toxa-Carboeiro, que ten unha afección visual do 97,8 % da súa superficie, e a AEIP-07-15 Río Ulla, cunha afección do 86,2%. Pese a alta incidencia visual comprobada sobre elementos de interese paisaxístico e sobre os núcleos de poboación máis próximos, o estudo do impacto conclúe que *“no existe una industria que dependa de la explotación del paisaje a la que se podría estar perjudicando”*, por lo que se considera o impacto do parque como *“adecuado”*, conclusión que non se pode considerar correcta. Ademais, cualifica o efecto sinérxico doutros parques como positivo para a introdución de elementos (aeroxeradores) que non resulten novos na paisaxe, obviando o efecto de fatiga e saturación nas panorámicas máis amplas.

Para a corrección destes impactos o proxecto expón unha serie de medidas de integración paisaxística que se limitan á xestión equilibrada dos movementos de terra, á restauración vexetal de superficies afectadas, ao uso de saburra nas vías e a criterios construtivos da zona para o edificio da subestación.

Tamén existen carencias na análise dos impactos e, como consecuencia, nas medidas preventivas e correctoras que o parque precisaría. En especial, a análise dos efectos sinérxicos co resto de parques resulta incompleta, toda vez que só se avalían dous miradoiros e non se cuantifica o número de aeroxeradores visibles (incluídos os do propio parque Cunca) sobre a totalidade dos puntos a valorar.

Por tanto, se ben o EIIP presentado adáptase en xeral aos contidos esixibles de acordo co artigo 11.2 da Lei 7/2008, e cos artigos 26 e seguintes do Regulamento da Lei 7/2008, debe ser emendado en certos extremos, e non inclúe a xustificación de como se incorporaron ao proxecto ás determinacións das directrices da paisaxe, tal e como se recolle nos artigos 11.2d da Lei 7/2008 e 27.d do Regulamento.

En relación ás posibles afeccións aos elementos do Catálogo das paisaxes cabe indicar que o parque non se sitúa dentro de ningunha área de especial interese paisaxístico, lugares de especial interese paisaxístico ou rutas de sendeirismo, se ben existen afeccións a elementos de interese paisaxístico que resultan críticas no caso do Miradoiro da Valiña (pola posición do aeroxerador CU 1), e altas no caso dos miradoiros da Fervenza do Toxa e de Coto da Madalena (este último polo alto grao de saturación nas panorámicas debido a sinerxía con outros parques). Tamén resultará altas respecto dos núcleos e as igrexas citadas anteriormente neste apartado, con especial incidencia dende núcleos como Covas ou Valboa, situados moi próximos e dentro dunha envolvente de aeroxeradores.

6. Conclusión:

Este proxecto pode producir efectos significativos sobre valores paisaxísticos que non poden ser evitados con ningunha medida correctora. En todo caso, o EIIP debe completarse co seguinte:

- Dada a importancia dos efectos sinérxicos que se poden producir na contorna pola acumulación de infraestruturas eólicas, deberase completar o estudo da sinerxía



determinando, ademais da superficie visible dos outros proxectos próximos en tramitación, o número de aeroxeradores que resultarán visibles dende os puntos de observación máis sensibles da paisaxe, como son os miradoiros, as AEIP e os núcleos máis próximos con incidencia alta citados neste informe (especialmente os situados en envolventes de aeroxeradores). En base aos resultados, se deberá adaptar o deseño do parque e o número e distribución espacial das máquinas para minimizar o impacto visual na contorna.

- Tendo en conta a disposición transitoria única do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, este proxecto debe adaptarse ás Directrices de paisaxe de Galicia. Polo tanto, de acordo co disposto no artigo 11.2d da Lei 7/2008 e no artigo 27.d do Regulamento da Lei 7/2008, debe xustificarse como se incorporaron ao proxecto as determinacións das directrices de paisaxe, de acordo co que para tal efecto dispón o apartado 4.1 “Disposicións de carácter xeral” das Directrices de paisaxe de Galicia.
- De acordo ao disposto na directriz DX.26.a deberán protexeranse as vistas mediante as oportunas limitacións nas actividades construtivas. No caso do miradoiro da Valiña, existe un impacto crítico xerado polo aeroxerador CU 1, toda vez que este miradoiro ten unha apertura de panorámicas de norte a suroeste, polo que o fuste interponse la liña principal de visión, na que destaca a presenza do Pico Sacro. Por tanto, co obxecto de protexer as vistas deste miradoiro e do propio Alto da Valiña debe avaliarse o cambio de posición deste aeroxerador. Suxírese o seu desprazamento cara o leste a unha distancia que garanta a apertura de vistas. Para tal fin, pode consultarse o mapa da cunca visual asociado ao dito miradoiro dispoñible no visor do Catálogo das paisaxes de Galicia.

Finalmente, de acordo co artigo 30.3 do Regulamento da Lei 7/2008, as medidas correctoras determinadas no EIIP deberán quedar oportunamente recollidas no proxecto.

O xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe
José Luís Álvarez Vicente

O director do Departamento Técnico de Estudos
José Antonio Serantes Barbeito

Visto e conforme, o director do Instituto de Estudos do Territorio
Francisco Barea Paz

(Documento asinado electronicamente)

